

ACTA NÚMERO: 26/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 31 de agosto de 2023 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 30 de xuño de 2023 (Reunión 24/2023).*
2. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 9 de agosto de 2023 (Reunión 25/2023).*
3. *Dar conta da oferta presentada por SINSAL AUDIO, S.L. (B36898369) para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do festival SINSAL Son Estrella Galicia 2023 (Expte. 2023041445)*
4. *Dar conta da oferta presentada por AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (B86907128) para optar á adjudicación, do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, para a contratación do mantemento dos equipos da marca Agilent da Estación Fitopatolóxica Areeiro (Expte. 2023005233)*
5. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe" (Expte. 2022071281)*
6. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)" (Expte. 2023013685)*
7. *Declaración deserto do procedemento aberto do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra ORAL (Expte. 2023004124)*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra) (Expte. 2023026483)*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas) (Expte. 2023025772)*
10. *Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación da Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe (Expte. 2022070543)*
11. *Apertura electrónica do sobre B, correspondente á proposta económica avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación da Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe (Expte. 2022070543)*



12. *Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto Da tua man (rural) presentado a convocatoria 2022 para o apoio da actividades comercial e turismo no marco do PRTR financiado pola Unión Europea Next Generation (Expte. 2023039995)*
13. *Apertura electrónica do sobre B, correspondente á documentación técnica do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto Da tua man (rural) presentado a convocatoria 2022 para o apoio da actividades comercial e turismo no marco do PRTR financiado pola Unión Europea Next Generation (Expte. 2023039995)*
14. *Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da sumministracion e execucion das obras de mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do PRTR (Expte. 2023030782)*
15. *Apertura electrónica do sobre B correspondente á documentación técnica, do procedemento aberto convocado para a contratación da sumministracion e execucion das obras de mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do PRTR (Expte. 2023030782)*
16. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanova, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)" (Expte. 2023011811)*
17. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanova, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)" (Expte. 2023011811)*
18. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a a contratación da obra Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas) (Expte. 2023010861)*
19. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a a contratación da obra Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda) (Expte. 2023034993)*
20. *Apertura electrónica dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste" (Expte. 2020056106)*
21. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a a contratación da Asistencia técnica par a redacción de proxectos, supervision e xustificacion dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xeotermicas sostibles II nos concellos de A Cañiza e A Illa de arousa dentro do programa da axudas para proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000) no marco do PRTR (Expte. 2023016554)*
22. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a a contratación do Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2023028070)*
23. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliáveis automáticamente do procedemento aberto convocado para a a contratación do Servizo de vixilancia da saude cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2023028070)*
24. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a a contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aeroterminia sostenibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) dentro do PRTR (Expte. 2023042599)*
25. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a a contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aeroterminia sostenibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) dentro do PRTR (Expte. 2023042599)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, e D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 30 de xuño de 2023 (Reunión 24/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 30 de xuño de 2023 (Reunión 24/2023).

2. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 9 de agosto de 2023 (Reunión 25/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 9 de agosto de 2023 (Reunión 25/2023).

3. Dar conta da oferta presentada por SINSAL AUDIO, S.L. (B36898369) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do festival SINSAL Son Estrella Galicia 2023 (Expte. 2023041445).

Por Resolución Presidencial número RP2023005457 de data 04/07/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de “Patrocinio publicitario do festival SIN SAL, que se celebrará na Illa de San Simón os días 21, 22 e 23 de xullo de 2023”

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa SINSAL AUDIO, S.L. (B36898369) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 04/07/2023.

A empresa SINSAL AUDIO, S.L. (B36898369) presentou a proposición con data 05 de xullo de 2023, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	26.000,00 €
IVE (21 %)	5.460,00 €
Importe ofertado con IVE	31.460,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa SINSAL AUDIO, S.L. (B36898369) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de “Patrocinio publicitario do festival SIN SAL, que se celebrará na Illa de San Simón os días 21, 22 e 23 de xullo de 2023”

4. Dar conta da oferta presentada por AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (B86907128) para optar á adxudicación, do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, para a contratación do mantemento dos equipos da marca Agilent da Estación Fitopatolóxica Areeiro (Expte. 2023005233).

Por Resolución Presidencial número RP2023005941 de data 26/07/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de “Mantemento dos equipos da marca Agilent Technologies situados nos distintos laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro”

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN S.L. (B86907128) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 26/07/2023.

A empresa AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN S.L. (B86907128) presentou a proposición con data 01 de agosto de 2023, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	27.059,04 €
IVE (21 %)	5.682,40 €
Importe ofertado con IVE	32.741,44 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN S.L. (B86907128) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de “Mantemento dos equipos da marca Agilent Technologies situados nos distintos laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro”

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe" (Expte. 2022071281).



Por Resolución Presidencial número 2023004463 de 06/06/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xuño de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 30/06/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
- DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- DI ARANCIA ARQUITECTURA, S.L.
- EDIGRUP GOLBAL, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	47.261,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	44.636,60 €	3%	36 MESES	NON OBJETO	NO
DI ARANCIA ARQUITECTURA, S.L.	46.862,79 €	3%	36 MESES	NO	NO
EDIGRUP GOLBAL, S.L.	49.892,88 €	3%	12 MESES	NO	NO
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	48.648,23 €	3%	36 MESES	NO	NO

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoña para executar este contrato.



Rematado o prazo do requirimento, non consta que DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	24,57	10,00	10,00	5,00	49,57
DI ARANCIA ARQUITECTURA, S.L.	27,65	10,00	10,00	0,00	47,65
EDIGRUP GOLBAL, S.L.	2,30	0,00	10,00	0,00	12,30
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	13,32	10,00	10,00	0,00	33,32

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	49,57
2ª	DI ARANCIA ARQUITECTURA, S.L.	47,65
3ª	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	33,32
4ª	EDIGRUP GOLBAL, S.L.	12,30

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe", á empresa CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado47.261,11 €
IVE (21%)9.924,83 €
Importe Total 57.185,94 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (CIF A36115459), figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 291) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
 - 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.363,05 €

6. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)" (Expte. 2023013685).



Por Resolución Presidencial número 2023004094 de 24/05/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de maio de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 16/06/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación detecta que nas declaracións responsables aportadas polas empresas, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L e EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., figura que as citadas empresas forman parte do mesmo grupo empresarial.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	90.470,20 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	98.497,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	89.191,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	88.125,62 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	95.395,09 €	2%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	90.450,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	95.601,93 €	3%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. e FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran a súa oferta e precisaran as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

As empresas, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. e FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. presentaron a súa xustificación en prazo, remitindo as mesmas os servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para que emitiran o preceptivo informe.

Mediante informes que constan no expediente con CSV: U422GWLJVAWGTQKO e CSV: UWA1HU7H03JILYRR o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo do Servizo de Infraestruturas en funcións, recolle en ambos que as citadas empresas non xustifican de forma correcta a súas ofertas económicas desproporcionadas (baixa temeraria) presentadas polas mesmas, e NON deben de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	34,19	10,00	10,00	5,00	59,19
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	10,00	10,00	5,00	25,00
HORDESCÓN, S.L.	14,29	5,00	10,00	2,50	31,79
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	34,26	10,00	10,00	5,00	59,26
NAROM, S.L.	13,34	10,00	10,00	5,00	38,34

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. e FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.



2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)”, queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	59,26
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	59,19
3	NAROM, S.L.	38,34
4	HORDESCON, S.L.	31,79
5	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces), á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado90.450,50 €
 IVE (21%) 18.994,61 €
 Importe Total 109.445,11 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S. L. (CIF B36533537), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- c) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- d) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais propios ou alleos que se comprometeu a adscribir á execución do contrato
- PLANTA PARA A FABRICACIÓN DE FORMIGONES BITUMINOSOS (mezclas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
 - EQUIPO DE EXTENSIÓN DE MEZCLAS BITUMINOSAS EN QUENTE
- e) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 4.522,52 €

7. Declaración deserto do procedemento aberto do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra ORAL (Expte. 2023004124).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de xuño de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do *Servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión*



e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra e a súa entrega ao operador postal.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de xuño de 2023, despois da calificación da documentación administrativa presentada nos sobres A, declarou admitidas ás empresas:

- ECOLOGICAL MAILING S.L B81194318
- CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L B92621762
- NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL S.A. A82413113
- MAILTECK S.A. A31501901
- GUREAK MARKETING S.L.U. B20158218
- MAILING ANDALUCÍA S.A. A41502840
- TELEMAIL S.L. B81927626

A Mesa de Contratación, na mesma data, tmén procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, remitindo dita documentación ao persoal técnico do servizo do ORAL para a súa valoración.

En data 18/07/2023 o Xefe do coordinación do ORAL emite informe de valoración do sobre B, no que expón o seguinte:

“Puntuacións totais:

	1 ata 12 ptos	2 ata 15 ptos	3 ata 8 ptos	4 ata 5 ptos	TOTAL
MAILING ANDALUCÍA	6	9	2	5	22
GUREAK MARKETING	6	5	6	5	22
CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES	10	9	7	5	31
ECOLOGICAL MAILING	6	4	4	5	19
TELEMAIL	3	7	1	0	11
MAILTECK	8	6	0	5	19



NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL	7	8	4	0	19
--------------------------------	---	---	---	---	----

Dada conta do establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares “*para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B)*”, faise constar que as licitadoras ECOLOGICAL MAILING, TELEMAIL, MAILTECK e NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL, non acadan a puntuación mínima de 20 puntos.

Ademais, as licitadoras MAILING ANDALUCÍA; GUREAK MARKETING; CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES Y NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL presentan na documentación obxecto de valoración nesta fase do procedemento, certificacións relacionadas coa xestión mediambiental (ISO 14001) e xestión da seguridade da información (ISO 27001), que son obxecto de valoración segundo criterios avaliados mediante fórmulas (sobre C). Segundo o disposto nos pregos que rexen esta licitación “*na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento*”.

As certificacións presentadas obxecto de valoración no sobre C son:

MAILING ANDALUCÍA: ISO 14001 e ISO 27001

GUREAK MARKETING S.L.U.: ISO 14001 e ISO 27001

CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L: ISO 14001 e ISO 27001

NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL S.A.: ISO 27001 “

A vista do exposto, a Mesa de Contratación na reunión acorda:

1. Propor ao órgano de contratación excluír as empresas MAILING ANDALUCÍA; GUREAK MARKETING; CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES e NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL, xa que presentan na documentación do sobre B “xuízos de valor” certificacións relacionadas coa xestión mediambiental (ISO 14001) e xestión da seguridade da información (ISO 27001), documentación que é obxecto de valoración no sobre C “criterios avaliados mediante fórmulas”. Segundo o disposto nos pregos que rexen esta licitación “*na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento* e tal e como se recolle no informe do xefe de coordinación do ORAL.



2. Prestar conformidade ao informe de valoración do xefe de coordinación do ORAL (csv EPO939Y6OT8KV5EM), e en base ao mesmo, propor ao órgano de contratación declarar DESERTO o procedemento aberto convocado para contratación do *servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra e a súa entrega ao operador postal*, dado que ningunha das empresas alcanza unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, tal e como se recolle na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas.

8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra) (Expte. 2023026483).

O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con número 2023005242, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra).

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 26/06/2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliábeis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- TAU RESTAURACIÓN Y CONSERVACIÓN DE BIENES CULTURALES S.L.
(CIF B32468704)



- CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CIF: B94076338)
- ARA S.L. (CIF: B27839877)
- JAVIER GARCÍA-LOZANO ESTUDILLO (DNI: 05928973X)

Así mesmo a mesa de contratación acorda dar traslado da proposta correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor aos técnicos do Museo de Pontevedra para que avalíen e ponderen as ofertas.

9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas) (Expte. 2023025772).

O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con número 2023005327, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28/06/2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliadas mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L. (CIF B36975845)
- DAVID VAZQUEZ GARCIA (DNI: 44482311N)
- VICTOR GRANDE NIETO (DNI: 44480263B)



Así mesmo a Mesa de Contratación acorda dar traslado da proposta correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos técnicos do servizo de Arquitectura para que avalíen e ponderen as ofertas.

10. Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación da subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe (Expte. 2022070543).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20/06/2023. Así mesmo, publicáronse no Perfil de Contratación na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación do sobre “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)
- BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)
- COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)
- GESTCALOR SL (CIF: B94038106)



- GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)
- MOSQUERA VILLAVIDAL,SL. (CIF: B32117764)
- SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)

11. Apertura electrónica do sobre B, correspondente á proposta económica avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación da Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe (Expte. 2022070543).

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 31 de agosto de 2023 efectuou a apertura do sobre “A”, do procedemento aberto convocado para a contratación da “*Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe*”, sendo as empresas admitidas foron as seguintes:

- ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)
- BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)
- COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)
- GESTCALOR SL (CIF: B94038106)
- GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)
- MOSQUERA VILLAVIDAL,SL. (CIF: B32117764)
- SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliables automaticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	325,00 €
IVE (21%):	68,25 €
Importe total ofertado:	393,25 €

BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)



Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	270,00 €
IVE (21%):	56,70 €
Importe total ofertado:	326,70 €

COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	316,00 €
IVE (21%):	66,36 €
Importe total ofertado:	382,36 €

GESTCALOR SL (CIF: B94038106)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	331,00 €
IVE (21%):	69,51 €
Importe total ofertado:	400,51 €

GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	335,00 €
IVE (21%):	70,35 €
Importe total ofertado:	405,35 €

MOSQUERA VILLAVIDAL,SL. (CIF: B32117764)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	323,90 €
IVE (21%):	16,19 €
Importe total ofertado:	340,09 €

Non obstante, detectado erro no cálculo do IVE, procédese ó cálculo correcto do mesmo, que queda do seguinte xeito:

Importe sen o IVE:	323,90 €
IVE (21%):	68,02 €
Importe total ofertado:	391,92 €



SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	350,00 €
IVE (21%):	73,50 €
Importe total ofertado:	423,50 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

12. Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto *Da tua man (rural)* presentado a convocatoria 2022 para o apoio da actividades comercial e turismo no marco do PRTR financiado pola Unión Europea Next Generation (Expte. 2023039995).

